

REUNIÓN INFORMATIVA COAS PRESIDENCIAS E SECRETARÍAS DAS COMISIÓNS DELEGADAS

Hoxe 26 de maio, como ben sendo habitual en anos anteriores, tivo lugar unha reunión de todas as presidencias e secretarías das 35 comisións delegadas para dar conta das novidades que haberá nas probas de ABAU que terán lugar do martes 6 ata o xoves 8 de xuño de 2023.

Por unha banda, convén sinalar as diferenzas nos horarios en comparación con edicións anteriores. Neste sentido comentouse o intercambio do primeiro bloque da tarde entre martes e mércores, e sobre todo os cambios nos horarios para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Pódese consultar o horario completo das probas na seguinte ligazón da páxina web da CiUG: https://ciug.gal/PDF/ABAU2023/abau_%202023_horario.pdf

Ademais, retómase a detección de frecuencias en todas as aulas das 35 comisións delegadas, ao tempo que se lembra que no caso de detectar copia durante un dos exames das probas implica a anulación total da ABAU.